

O Efecto Ser Humano

Campaña de Mans Unidas 2024

A campaña deste ano 2024 de Mans Unidas chama de novo a nosa atención sobre as causas da fame, símbolo das inxustizas do noso mundo, do desprezo pola dignidade e os dereitos fundamentais da persoa.

O lema lémbra-nos que esta realidade inaceptable ten as súas raíces primeiras no ser humano, nos efectos da súa presenza, é dicir na súa responsabilidade.

Esta afirmación radical é iluminada pola nosa fe: Deus creou o mundo bo e encomendouno ao home para o seu coidado. O pecado deste cambiou estruturalmente a súa relación con todas as cousas. A quebra introducida na relación co seu Creador, manifestou as súas consecuencias na relación coa Creación.

O pecado orixinal deu paso a unha situación de traballo e fatiga, de dificultade para gañar o pan de cada día nunha natureza que daba ao home cardos e espiñas, expóndolle novas esixencias.

Existe pois un “efecto humano” que cambia profundamente o estado da natureza. De seu, esta, creada por Deus, é un ben inmenso, unha realidade chea de intelixencia e de beleza; pero a relación con ela pide xa ao ser humano esforzo, labor incansable, sacrificios.

Non divinizaremos nunca a natureza, a nosa “casa común” nesta terra. A xusta relación con ela está simbolizada polo traballo humano, chamado a poñer de manifesto a abundancia dos dons creados por Deus, que poden alimentar a todos os homes. Unha “cultura” adecuada contribúe mesmo a que brille a beleza da natureza, como pode verse nos campos da nosa terra cando está ben “cultivada”.

O “efecto humano” sobre o mundo está destinado por Deus a ser bo, exercido na intelixencia, o respecto pola realidade creada, a acollida e o coidado do don da vida.

Pero nesta relación co mundo intervén sempre a nosa responsabilidade, e nela dáse unha quebra da relación con Deus que afecta a todos os aspectos da vida, xerando abusos e inxustizas. A cobiza, o espolio das riquezas naturais e o desprezo polo ben dos demais, polo futuro doutros pobos e ata do dos propios fillos, “efecto inhumano”, nacido paradoxalmente do corazón do home afectado polo pecado.

EL EFECTO SER HUMANO

Manos Unidas
CAMPANA CONTRA EL HAMBRE



A xusta actitude ante a vida e a natureza, o respecto pola realidade creada, a fraternidade verdadeira, implican a relación adecuada con Deus. Non chegaremos a cambiar o “efecto humano” no mundo, a dar forma boa ao trato coa creación e cos irmáns, sen o ben da fe e da caridade: sen a capacidade de entrega e sacrificio que é feita posible por un amor verdadeiro, sen unha caridade que multiplique os froitos da xustiza xa na nosa terra.

Necesitamos recoñecer e crer no Amor de Deus; permanecer unidos ao Señor Xesús, escoitar o seu mandato de coidar sinceramente o dereito e a xustiza, de amar como El nos amou.

A iso convidáanos a campaña de Mans Unidas deste ano, que nos pide volver a mirada á nosa responsabilidade persoal, recoñecer as consecuencias da nosa acción, da nosa maneira de estar no mundo. Poñendo ante os nosos ollos tantos efectos perniciosos da acción humana, mesmo en relación coa natureza, chámase nos no fondo para comprender de novo e mellor a urxencia da nosa relación con Deus, de participar no amor e a graza que nos ofrece o seu Fillo como principio de vida nova, cunha intelixencia e unha caridade renovadas.

Un ano máis, esta campaña, que nos propón axudar concretamente ao noso próximo en situación de necesidade extrema, é para nós tamén unha oportunidade de crecer na conciencia da nosa fe, da importancia da nosa presenza plenamente humana no mundo.

Só restaurando a nosa humanidade verdadeira poderemos ter un “efecto” bo para coa natureza, serán posibles formas de fraternidade e solidariedade, de responsabilidade para coas xeracións vindeiras. E seremos desta maneira testemuño elocuente da presenza e da acción fecunda do noso Deus, que tanto amou ao mundo que enviou ao seu Unixénito, Redentor do xénero humano, para que o mundo se salve por El (Xn 3,16.17).

+ Alfonso,
Bispo de Lugo